



OLA, CHÁMOME PEPO SUEVOS E SON ACTOR

// SOBRE MIN

Gústame facer rir e encántame comer o escenario nas miñas actuacións en vivo. Din os meus primeiros pasos como encuestador pero pronto empecei a saír en películas, a miña última aparición na gran pantalla foi na *Esmorga*, aínda que tamén formo parte do reparto en series como *Serramoura* ou *Matalobos*. Outra das miñas paixóns relacionada co mundo audiovisual, que é onde me desenvolvo, é ser guionista, como no programa *Land Rober* ou en *A casa da Conexa*.

// VIDA

1971

◀ Nacín en Alemaña

Concretamente na colonia de Ferrol. Son fillo de militar porque en Ferrol todos éramos militares. Por iso diría que polo GENERAL son boa persoa.

1986

◀ Ía para estrela do baloncesto...

E unha lesión fixo que engordara 25 kg., así que cambiei a miña intención de ser xogador pola realidade de ter que ser o balón.

1991

◀ Fun porteiro de discoteca

Unha profesión con mala fama, pero resulta que eu era dos tranquilos, de feito ata quedei algunha vez durmido na porta.

1992

◀ Comecei a traballar na televisión

Cando as televisións aínda non eran planas e eu collía dentro. Agora que todo o mundo as ten de LED a verdade é que traballo menos.

1996

◀ Licencieime en económicas

Non me gustaba demasiado, pero dinme conta cando xa tiña máis da metade da carreira feita, e por non tirar os cartos rematei e moitei unha xestoría.

2010

◀ Fixen un monólogo de 10 horas

Na Sala The Star de Carral, para celebrar os meus 1000 monólogos. A idea era batir un record e así foi: botei dous días enteiros sen falar.

// EXPERIENCIA

TELEVISIÓN

Bambú

Producciones

2017

Fariña

Serie baseada no libro de Nacho Carretero sobre o mundo do narcotráfico en Galicia nos anos oitenta. Interpreto a un experto piloto de planeadora da ría de Arousa.

TVG

2017

Viradeira

Serie chea de aventuras, amor e moito humor. Dirixida por Óscar Pedraza e ambientada na localidade ficticia de Dorneda, cocíñanse as mellores historias baseadas nunha lenda: un barco afundido nas súas augas en 1588, o Agusta.

Voz Audivisual, TVG

2016

Serramoura

Ambientado no mundo da madeira, conta a historia dunha pequena vila que se ve alterada coa chegada dun investigador de métodos agresivos para descubrir quen matou a Mónica Triáns.

TVG

2015-2016

Pazo de Familia

Combinando grandes historias de amor con tramas de poder e intriga e con toques de comedia costumista, a serie, a través dos ollos de Sara e Cosme, que tamén serán os do espectador, introduciranos no excitante mundo dos Pardo Veiga, amosándonos as grandezas e as miserias dunha saga familiar destinada a marcar unha época.

Mad Mex

Filmanova, TVG

2015

Casa Manola

Serie de televisión, do xénero da comedia, con guión de Jacobo Paz Limia e Xosé Antón Moure Ferreiro que narra a historia de Manola e Barrantes, irmáns, que aproveitando unha subvención, reforman a casa facendo unha casa de turismo rural.

Mandarina,

Telecinco

2015

Aquí paz y después gloria

Comedia televisiva.

Ficción

Producciones

2013-2014

A Casa da Conexa

Late-night de humorísticos líder de audiencia no que dei vida a Mucha unha das protagonistas do programa. Moncho e protesión sivil foron outros dos meus papeis.

Teleficción, Correo

TV

2013-2014

Caseiros

Comedia de situación que conta a convivencia forzosa entre personalidades variadas, con soños e aspiracións moitas veces irreconciliables e sempre dispartadas.

Ficción

Producciones

2013-2014

Escoba!

Un grupo de mulleres "maiores" que se xuntan polas tardes no Centro Social da súa vila, para xogar ás cartas, en concreto á Escoba. Xogan porque lles gusta falar. É a excusa perfecta para darlle unha volta a todos os temas dos que non se fala normalmente, e dos que se fala tamén. A excusa para arranxar o mundo.

TVG

Libro de Familia

2011	Estiven nalgúns dos capítulos desta serie que retrata tres familias galegas que pertencen a distintos estratos sociais e residen en Santalla.
Mandarina 2011	Piratas Historias de navíos, duelo a espadas, mazmorras, execucións, rescates, abordaxes, homes de honor, mulleres de armas tomar e un tesouro codiciado durante máis de trinta anos.
TVG, Voz Audiovisual 2011	Matalobos Matalobos é o nome dun clan familiar que vive na Sardiñeira, na vila haberá cinco familias metidas no narcotráfico a grande escala. Clans poderosos e inimigos implacables que lles farán fronte: dúas mulleres, unha xuíza e unha avogada irán a por eles.
TVG, Voz Audiovisual 2011	Padre Casares O pai Horacio Casares, formado nun moderno seminario xesuíta, chega a Louredo, unha pequena vila da costa, a substituír ao vello pai Crisanto, un home que levaba toda a vida nese lugar. Padre Casares narra, con humor e ternura, o proceso polo que este home irá encaixando nese lugar, á vez tan próximo e tan alonxado do que el era ata ese momento.
TVG 2009	Especial Os Tonechos Show humorístico protagonizada por Roberto Vilar e Víctor Fábregas, no que participei interpretando a varios personaxes.
TVG 2009	Land Rober Programa de humor da Televisión de Galicia que conta cada semana cun convidado estelar, música en directo e con representación cómicas no que o público ten un papel fundamental. Nel son co-presentador e interpreto a João Simões, entre outros moitos personaxes.
TVG 2009	O Nordés Serie que narra os casos profesionais e os conflitos de relación que se dan na redacción dun modesto xornal galego, O Nordés que xa cumpríu cen anos de vida. Está ambientada na cidade de Vigo.
TVG 2009	Quen toca? A música vai acompañada de moito humor, un concurso de baile, historias e lembranzas dos veteranos da verbena.
TVG, Filmanova, Continental 2008	Os atlánticos Foi unha serie galega emitida pola TVG producida por Filmanova e Continental. Desenvólvese na ficticia vila de Vilardenós e xira arredor da actividade dunha pequena orquestra de cinco músicos cuxo nome é o que dá título á serie.
TVG 2005-2008	O Show dos Tonechos Programa protagonizado por Roberto Vilar e Víctor Fábregas, o dúo humorístico coñecido como Os Tonechos.
TVG 2011-2007	Terra de Miranda Terra de Miranda é unha serie feita por Zopilote e Voz Audiovisual para a Televisión de Galicia, cos exteriores gravados en Mondoñedo. Nela interpreto a Metralla.
Telecinco 2006	Hospital Central

Interpretei nesta serie a Enrique, un home enfermo crónico que se negaba a recoñecelo.

TVE
2003

Ó pé da letra

Fun colaborador como contador de historias neste programa da Televisión Española en Galicia.

TVG
2003

As leis de Celavella

As leis de Celavella é unha teleserie de misterio ambientada en 1925 que conta a historia dun avogado que volta á súa vila, logo de estudar en Santiago de Compostela, para dirixir o despacho de seu pai.

TVE
2001

Pase sin llamar

Telecomedia ambientada nunha familia e os seus fillos, que se atopaba dentro do programa infantil presentado por Miriam Díaz Aroca *Cajón desastre*. Participación esporádica.

TVG
2000

Rías Baixas

Serie de misterio que conta a historia da familia dos Lantaño, grandes e poderosos propietarios de adegas e viñedos na comarca do Salnés. Nela interpreto a Tito.

TVG
1998

Mareas Vivas

Mareas vivas foi unha serie creada por Antón Reixa e producida por Voz Audiovisual. Estaba rodada en Laxe (A Coruña), aínda que moitas das imaxes foron tomadas en Corme.

TVG
1998

Tardes con Ana

Ana Kiro presentaba este programa no que facía entrevistas, moderaba un faladoiro, presentaba un concurso e tamén cantaba.

TVG
1995

Pratos combinados

Serie de televisión que contaba as vivencias nun bar de tapas de toda a vida. Nela interpretei a Pepe "o ladrón de extintores".

TVG
1992

Luar

Programa musical e de humor que se convertiu tamén nunha plataforma de promoción tanto do novo talento musical como do humorístico de Galicia. Participei en varias tempadas ata a actualidade.

CINEMA

**TVG, TV3,
Portocabo e
Diagonal TV**
2017

Os fillos do sol

Longametraxe de ficción para televisión que nos conta as orixes da empresa galega Zeltia. Ambientada fundamentalmente en Galicia preséntanos unha historia de ambición e de superación universal.

**Tornasol Film,
Foresta Films,
Milou Films**
2015

A praia dos afogados

Conta a historia da investigación de dous policías, Leo Caldas e Rafa Estévez, que investigan unha morte que parece un suicidio e resulta ser un asasinato.

Vía Láctea Filmes
2014

A esmorga

Filme dirixido por Ignacio Vilar. Filme baseado na novela de Eduardo Blanco Amor.

Vaca Films

Secuestrados

2010

Un filme dirixido por Miguel Ángel Vivas.

2010

Un conto de Nadal

2009

Agallas

Filme dirixido por Samuel Martín Mateos y Andrés Luque Pérez.

**Bren
Entertainment,
TVG**

2009

Reliquias

Telefilme dirixido por Toño López.

Pórtico, Zenit, TVG

2009

O bonito crime do caravinerero

Filme dirixido por Miguel Conde.

Vía Láctea Filmes

2008

Pradolongo

Filme dirixido por Ignacio Vilar.

2008

Abrígate

Filme dirixido por Ramón Costafreda.

**Continental, Milú
Films, Tornasol
Films**

2007

Unha muller invisible

Filme dirixido por Gerardo Herrero.

2007

Galician Festival

**Vaca Films, Zip
Films, TV3, TVG**

2006

El partido

Tv movie dirixida por Juan Calvo.

2006

Chapapote o no

Tv movie dirixida por Ferrán Llagostera.

**Canal Sur, In Vitro
Films, TV3, TVG**

2006

El estafador

Filme dirixido por Ricard Figueras.

Tornasol Films

2005

Heroína

Filme dirixido por Gerardo Herrero.

**Continental,
Diagonal, Toma27**

2005

Máis ca irmáns

Tv movie dirixida por Ramón Costafreda.

Vía Láctea Filmes

2003

Ilegal

Filme dirixido por Ignacio Vilar.

**Adivina
Producciones,
Telecable
Compostela, TVG**

2003

O Camiño de Santiago, a orixe

Filme dirixido por Jorge Algora.

Continental TV

2002

Entre bateas

Filme dirixido por Jorge Coira e estreado en 2002. Trátase dunha coprodución na que tanto o equipo técnico coma o artístico están formados na súa maior parte por galegos. Estiven nomeado ós premios Mestre Mateo na categoría de Mellor actor polo meu papel como Segó.

Antena 3, Continental, TVG

2002

Trece badaladas

Filme galego dirixido por Xavier Villaverde que foi estreado no 2002. Está libremente baseado na historia 'Trece badaladas' de Suso de Toro.

DOBAXE

Dobraxe ó galego da película “Entre bateas”

Dobraxe ó galego da película “Ilegal”

Dobraxe ó galego da película “Heroína”

Dobraxe ó galego da película “Más que hermanos”

Dobraxe ó galego da película “El partido”

Dobraxe ó galego da película “Una mujer invisible”

Dobraxe ó galego da serie “Milagros”

Dobraxe ó galego da serie “Soledad”

Dobraxe ó galego da serie “Desafío total”

Dobraxe ó galego da serie “Rubí”

Dobraxe ó castelán da serie “Power Rangers”

TEATRO

Actualidade

Diversas actuacións como contacontos, monologuista, cómico e animador en solitario en locais, festas, teatros e auditorios con máis de 1000 representacións.

Ainé Produccións

2018

A culpa é do sistema

Xunto con Federico Pérez realizamos un analítico percorrido por algún dos sectores máis golpeados pola ineficacia do sistema actual. Educación, sanidade ou cultura, sen esquecer a corrupción ou o problema das pensións, son analizados con retranca, ollo crítico e sobre todo moito humor.

2018

A culpa é do sistema

Federico Pérez e Pepo Suevos fan un analítico percorrido por algún dos sectores máis golpeados pola ineficacia do sistema actual. Educación, sanidade ou cultura, sen esquecer a corrupción ou o problema das pensións, son analizados con retranca, ollo crítico e sobre todo moito humor.

2017

Monólogos R: Dous homes e un vespino

Pepo Suevos xunto con Xosé A. Touriñán farán as delicias do público nunha serie de monólogos por toda a xeografía galega.

Contraproducións

2017-Actualidade

O tolleito de Inishmaan

Un texto de personaxes labrados e brillantes, unha combinación de profesionais de longa e premiada experiencia con novos e xa recoñecidos valores no mundo da interpretación dirixida por Cándido Pazó.

Osdous Ardebullo,

R

2014, 2015

Viramos tolos pola tele

Monólogo colectivo que parodia os magazines televisivos e a súa ampla diversidade de contidos.

2001

Membro da compañía de clown Os sete magníficos máis un.

2000

Membro da compañía Uvimóvil Teatro.

GUIONISTA

TVG

2016

LandRober

Cuatro

2015

GymTony

TVG

2015

A casa da Conexa

Vaca Films

2010

Secuestrados

Tornasol Films

2008

Heroína

Continental TV

2001

Entre bateas

// CONTACTO

A miña axencia de contratación é **Ainé** (<http://aine.gal>)



881 946 972 (tel:881946972)



artistas@aine.gal (mailto:artistas@aine.gal)



Twitter

<https://twitter.com/peposuevos> (<https://twitter.com/peposuevos>)



Facebook


<https://www.facebook.com/pepo.suevos.oficial> (<https://www.facebook.com/pepo.suevos.oficial>)




Web

peposuevos.com (peposuevos.com)

// HABILIDADES



// HOBBIES



// IDIOMAS

Galego	★ ★ ★ ★ ★
Español	★ ★ ★ ★ ★
Ruso	★ ★ ★ ★ ★
Ucraniano	★ ★ ★ ★ ★
Filipino	★ ★ ★ ★ ★

// INFO FÍSICA

Peso
85 kg.
Altura
180 cm.
Pelo
Moreno-canoso. Barba
Ollos
Marróns
Rango de idade
25-45 anos